



# CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680  
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221  
**WWW.ORDES.GAL**

## CERTIFICACIÓN

**JUAN LUIS GONZÁLEZ IGLESIAS, SECRETARIO XERAL  
DO CONCELLO DE ORDES - A Coruña**

**CERTIFICO:** Que pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, de data 20 de xaneiro de 2023, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

### **6.CONVOCATORIA AXUDAS A PROL DA NATALIDADE NO CONCELLO DE ORDES. ANO 2023.**

Expediente de convocatoria de axudas á natalidade no Concello de Ordes, ano 2023  
**(Expde. 2023/A011/000001).**

Corresponde ao Concello o establecemento de medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de Ordes mediante o deseño de mecanismos que axuden a fixar a poboación evitando deste xeito o despoboamento.

Visto o disposto na base 38ª de execución do orzamento municipal 2023 (prorrogado 2022).

Visto o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 26 de xuño de 2019, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o gasto con cargo á partida **231.480.00** do orzamento municipal para 2023 (prorrogado 2022), por importe de **EUROS VINTE E CATRO MIL (24.000,00)**.

2º.- Aprobar a convocatoria axudas á natalidade no Concello de Ordes, ano 2023, así como as súas bases reguladoras.

**E para que conste e xurda os efectos oportunos, expido a presente certificación, que asino coas reservas do art. 206 ROF, de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Ordes, na data da sinatura electrónica.**

Vº Pº  
O ALCALDE-PRESIDENTE  
José Luis Martínez Sanjurjo  
(Asinado dixitalmente)

O SECRETARIO  
Juan Luis González Iglesias